EDUCACIÓN PRIMARIA:

3º CICLO DE PRIMARIA
FORMACIÓN DE USUARIOS:

1-Desenvolverse na biblioteca e nas diferentes seccións.
-Ao principio de curso, na primeira sesión da hora do conto:
-Ir a biblioteca, lendo os carteis que hai no cole que nos din por onde ir.
-Presentarlles a coordinadora de biblioteca e máis a auxiliar de biblioteca.
-Antes de entrar na biblioteca, pararse a mirar o expositor de libros do mes, e os carteis que hai antes de entrar.
-Unha vez dentro, recorrer a biblioteca e os seus recantos, verbalizando para que é cada un.
-Ir lendo os carteis en voz alta .
-Repasar as normas da biblioteca (tedes os carteis con debuxos para axudarvos).
-Explicarlles a distribución de espacios por idades, o recanto dos ordenadores, o expositor de novidades, as revistas..
-Ensinarlles onde están os apropiados a súa idade,e a cor que teñen no lombo para identificalos.
-Poñémoslle un gomet da súa cor (o verde e mais o amarelo) na man.
-Darlles unha **guía de uso da biblioteca** para levar para a súa aula.

2-Saber buscar e localizar a información.
-Ensinarlles a distribución dos seus libros :
Etiqueta verde (de 9 a 12 anos):
Aventura, humor, fantásticos, poesía, teatro,..
Etiqueta amarela (de 12 a 16 anos):
Este apartado é para nenos e nenas moi lectores,...
-Explican a CDU mirando a margarita, e localizan fondos de distintos temas.(¿onde están os libros da animais, historia,etc.?)
-Explicamos a diferencia entre nº de rexistro (o carné de identidade do libro) e nº da CDU (as súa clase, e polo tanto a estantería onde vai).
-Nas seguintes sesións de hora do conto:

- -¿Onde están?:
- Os dicionarios.
- As revistas.
- Os atlas.
- As películas.

- Búsqueda en Internet :
Antes de nada, recordámoslles as normas de uso do ordenador.
-Primeiro explicámoslles que Internet ten moitas posibilidades, pero ten algúns perigos.
A continuación, ensinámoslle a utilizar buscadores seguros, (hai no blog, abaixo de todo, os buscadores para nenos/as) entran en páxinas seguras, e xogan nelas.
Despois entran en google, ensinámoslle como facer a búsqueda, e cando aparece o listado de páxinas, teñen que pedir autorización expresa para entrar ao adulto que está ao lado, neste caso nós, na casa os pais ou nais.Procuramos verbalizar en voz alta os criterios de selección (esta páxina e

unha enciclopedia, esta é dunha asociación ecoloxista, esta non, que non sabemos que é..)

Exemplo de búsquedas:
Sobre un tema predeterminado(enerxías alternativas,Cervantes,un país,…) ou para responder a preguntas
Ex: ¿Por qué flota un barco?,¿quen inventou a radio?,¿en que pais están os Alpes?, ¿quen inventou o teléfono?, ¿En que continente está determinado pais?,etc.

3-Actividades de formación de usuarios:
-Crear caderno de lector/a , onde irán anotando os libros que van lendo,indicando título, autor/a, ilustrador/a e editorial.
-Axudar a colocar un conxunto de libros da biblioteca no seu lugar correspondente.(libros de unha determinada colección, ou tema)
-Buscar os títulos dun mesmo autor para unha exposición.
-Buscar libros sobre un tema,para unha exposición ou guía de lectura.
NA AULA DE INFORMÁTICA
-Damos unha pequena explicación sobre soportes documentais: libro, cdrom, internet
-Entramos en **bibliotecadocole**, no catálogo do noso cole, e pedímoslle que busquen:
-Un libro determinado
-As obras de un autor
-Un libro por materia (exemplo, un libro de historia, ou de animais, de misterio..)
Deben averiguar si está prestado.
Eso mesmo fano co catálogo da biblioteca municipal...

4-Xogos de formación de usuarios:
-Darlles unha copia do plano da biblioteca, e que busquen un marcapáxinas que estará escondido nun lugar marcado no plano.
-Para apropiarse do espacio, un xogo que repetiremos varias veces:
Unha parella, ou trío, segundo o numeroso que sexa o curso, queda fora da biblioteca.Os demais escollen o título dun libro que está nese momento na biblioteca .
Pedímoslles a parella que está fora que entren no ordenador de alumnos na noso blog,
www.bibliotecadocole.com, e no noso catálogo buscan ese libro. Unha vez localizado no ordenador, teñen que buscalo fisicamente na biblio.Imos facendo este xogo varios días ata que todos pasan polo ordenador.
- A procura dun título dun conto,seguindo pistas.
Ex: está en literatura de 9 a 12 anos e ten no título a palabra “diario”...está en poesía e ten no título a palabra “chove”, está ...
-Xogo das adiviñas: Dispostos en grupos deberán saber buscar:
-A foto dunha persoa xogando ó fútbol.
-Hai pantasmas na biblioteca, ¿onde se esconden?
-Quero ver un cadro de Van Gogh onde haxa unha cadeira.
-Quero saber que é a peritonitis.

-Xogo dos sabios: Solucionarlle o problema a un determinado personaxe,buscándolle un libro que lle iría ben. Ex.: Para un príncipe, como desfacer un conxuro, a un neno/a como desfacer os pesádelos,a un neno como preparar unha boa merenda, a unha nena como diferenciar unha seta velenosa de outra que non,..)
-Roubo na biblioteca:dadas unhas pistas,atopar o libro que falta.(está morto de medo...está nunha aldea gala,..está observando dinosauros, está entre gatos,..,está na lúa, está nun autobús máxico,está en Exipto, ...)

3-Aprender o uso de documentos.
-Ensinarlles a pasar as follas dos libros con coidado.
-Ensinarlles a atopar o título do libro,autor/a, ilustrador/a, editorial,colección e índice.
-Ensinarlles a buscar e manexar unha enciclopedia, ou diccionario temático. Ex: Atopar o artigo dunha enciclopedia que ten o dato que se precisa.Na enciclopedia tal, busca cal é o animal máis rápido, canto planetas hai, etc
-Ensinarlles a buscar nos mapas.
-Agasallo dun marcapáxinas .

EDUCACIÓN DOCUMENTAL

Procesar a información.Elaborar documento.
TRABALLO DOCUMENTAL PARA EXPOÑER

- Pedirlles que fagan unha pequeno traballo documental a partir dunha pregunta.Presentalo en formato DIN A3 para exposición por paneis. Non esquecer bibliografía.

TRABALLOS DOCUMENTAIS VARIADOS:

- Ao longo do curso farán traballos referidos a temas do currículo en grupos de 2 ou de 3 como máximo, coa seguinte distribución:

FASES DUN TRABALLO:

1-Plantexar o traballo
2.Busca
3-Elaboración
4-Presentación

PORTADA	1.-Tema.Título e ilustración 2.Autoría.Nome do equipo,centro educativo,data
INDICE PAXINADO	3-Guión ou índice

DESENVOLVEMENTO	4Texto e ilustracións.Redacción e complemento de imaxes, gráficos, etc
CONCLUSIÓNS	5-Epílogo, resultado do traballo, grado de satisfacción, autores, opinións persoais, etc.
FONTES E BIBLIOGRAFÍA	7-Relación das fontes usadas

- Elaborar bibliografías seguindo un esquema simple:
    1. Portada
    2. Vida
    3. Obra
    4. Bibliografía
- Preparar recetaríos
- Preparar guías de árbores, de animais, de libros que traballen un tema, de...
- Facer enquisas
- Facer un diario de clase en que cada vez escriba un alumno/a, cando aconteza algo diferente da rutina.
- Preparar entrevistas de persoas do entorno e subilas aos blogues, ou revista do cole.
- Preparar traballos monográficos.
- Facer presentacións en formato dixital

-**NO BLOGUE**

E tamén educación informacional as entradas que poñemos no blog, e que remiten a outras páxinas, e as webquest.

http://www.bibliotecadocole.com

Bibliografía:
“La formación de usuarios en la biblioteca escolar” Mónica Baró